



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E O CLUB NÁUTICO AMIGOS DO MAR

En Cervo a 16 de decembro de 2020

De unha parte, Marcelino Bermúdez Mosquera con DNI 42.731.003Q , en calidade de presidente do Club Náutico Amigos do Mar con NIF G27404284.

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do Concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.



EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que as entidades locais, en canto administracións públicas, poden exercitar a acción de fomento de actividades ou proxectos que sexan considerados de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha actividade pública, mediante a concesión de subvencións, de conformidade co disposto polo artigo 2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS).

SEGUNDO: Que o artigo 22.2.a) da Lei 38/2003 prevé a posibilidade de concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar este tipo de subvencións.

TERCEIRO: Que o Club Náutico Amigos do Mar é o organizador de diversas actividades relacionadas con a náutica e solicitou do Concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados das mesmas. Dita axuda está prevista nominativamente no orzamento do Concello para 2020 na aplicación orzamentaria 338.4890103 por un importe de 3.000 €.

CUARTO: Que o Concello actúa en virtude das competencias atribuídas pola lexislación básica sobre réxime local nas materias de promoción da actividade turística e deportiva.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

En base ó anteriormente exposto, o Concello de Cervo e o Club Náutico Amigos do Mar asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a subvención finalista, prevista nominativamente nos presupostos do concello para 2020 para colaborar no financiamento da actividade consistente na organización, coordinación e realización de diversas actividades náuticas e de información os veciños e turistas de zonas de pesca, perigos que se poden ocasionar na costa...etc.



Segunda.- O Concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 3.000 € con cargo á partida 334.4890103 ó Club Náutico Amigos do Mar para a realización de ditas actividades.

Terceira.- O Club Náutico Amigos do Mar comprométese organización, coordinación e realización de diversas actividades náuticas e de información os veciños e turistas de zonas de pesca, perigos que se poden ocasionar na costa...etc. e permitindo, en todo caso, a máxima participación veciñal en dita organización.

Así mesmo, o Club Náutico Amigos do Mar comprométese a xustificar a realización de ditas actividades coa presentación dunha memoria explicativa das actividades realizadas. A xustificación dos gastos subvencionados realizarase mediante as correspondentes facturas orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención e, en todo caso, antes da fin do presente exercicio, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó Concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas.

Cuarta.- Serán subvencionables todos aqueles gastos inherentes ao desenvolvemento da actividade obxecto do presente convenio, que sexan indispensables para o cumprimento da finalidade do mesmo.

Quinta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

Quinta.- A duración do presente convenio esténdese ata a completa realización dos eventos que constitúen o obxecto do mesmo e a actividade administrativa necesaria para a súa completa xustificación, sempre dentro do exercicio presupostario 2020. Ten carácter improrrogable e, en ningún caso poderá estenderse ao exercicio 2021.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida dentro do prazo de vixencia sinalado.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

Presidente Club Náutico Amigos do Mar

Marcelino Bermúdez Mosquera

